

**PROGRAMACIÓN DO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

CPI Plurilingüe de Vedra

CURSO 2016-2017

ÍNDICE

Xustificación normativa:	3
Xustificación baseada no contexto:	3
Plans de Acción Titorial por etapas e accións prioritarias	4
Plan de Atención á Diversidade	5
Plan de atención a alumnado procedente do estranxeiro	6
Centros adscritos e accións prioritarias	6
Plan De Atención á diversidade: medidas	7
Plan de Acción Titorial : Ed. Infantil	10
Plan de Acción Titorial: Ed. Primaria	14
Plan de Acción Titorial: Ed. Secundaria Obrigatoria	27
POAP para Ed. Secundaria Obrigatoria	37

XUSTIFICACIÓN NORMATIVA

A Lei Orgánica de Educación do 6 de Abril de 2006, no artigo 1 establece a orientación educativa e profesional dos estudantes, como un dos principios do sistema educativo, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. No artigo 2 destácase como un dos factores que favorecen a calidade do ensino. No artigo 91 referido ás funcións do profesorado, establece entre outras: a tutoría dos alumnos/as, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias, así como a orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración, no seu caso, cos servicios ou departamentos especializados. No artigo 105 se establece o recoñecemento da función tutorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos. Na disposición final primeira modifícanse artigos da LODE (1985), e se inclúe como un dereito do alumno: recibir orientación educativa e profesional. Tamén a LOMCE no seu artigo 18 determina que a acción tutorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

No noso contexto, o **Decreto 120/98** polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, e a **Orde 24 de xullo** de 98 na que se establece a organización e funcionamento, supérase a concepción da orientación como axuda externa e puntual aportada polo experto, e téndese o concepto da orientación como actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e inseridas no contexto económico e sociocultural no que se desenvolve o individuo.

Tamén o **Decreto 229/2011** que regula a atención á diversidade concreta toda unha serie de medidas ordinarias e extraordinarias, tanto no eido curricular coma no organizativo.

As funcións do profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas específicas quedan establecidas na Orde 24 de xullo de 1998, art 7º.

Segundo o Decreto 324/96 polo que se establece o regulamento orgánico dos IES e o Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro que regula o funcionamento dos CPI, a planificación da orientación plasmarase no PAT e o POAP que están incluídos no PCC e constitúen proxectos a medio prazo a partir dos cales se deben concretar as actuacións para cada curso escolar.

O departamento de orientación debe elaborar o Plan Anual (Orde 24 de xullo de 98, Circular 18 curso 2007-2008, Circular 8/2009 e circular 10/2010) para cada curso escolar, seguindo as directrices establecidas pola CCP, e tomando como referencia as necesidades detectadas no centro e as accións prioritarias sinaladas nas citadas circulares.

A partires deste marco conceptual e legislativo, o Departamento de Orientación deste CPI organiza a súa actuación para este curso continuando coa labor desenvolvida no centro e adscritos en anos anteriores.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CPI Plurilingüe de Vedra atópase nunha zona rural próxima a Santiago de Compostela. O perfil da nosa poboación é de características socioeconómicas medio-baixas. Ademais, a poboación atópase espallada polas distintas parroquias que forman o concello, sen que haxa un núcleo de poboación destacable. Estas circunstancias fan máis complicada a relación social, e este espallamento unido á pouca dispoñibilidade de medios de transporte tanto públicos como privados, fan que a oferta de actividades culturais e de lecer sexan escasas e pouco aproveitadas.

Todas estas características fan necesaria unha programación de actividades que traten de suplir estas carencias, de acordo co **Decreto 120/98** e a **orde de 24 de xullo de 1998** que desenvolven a estrutura e funcionamento da orientación educativa.

A presente programación consta de varios documentos emmarcados dentro do Plan de Orientación do Centro. Estes documentos son os seguintes:

PLANS DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial podémolo dividir segundo as distintas etapas educativas nas que se imparte docencia neste centro.

Educación infantil

As actividades propostas para esta etapa están enmarcadas dentro da importancia da prevención e detección precoz de posibles problemas de aprendizaxe e a atención temperá destes problemas. Estas actividades quedan enmarcadas dentro da dinámica normal da clase e teñen un claro carácter compensatorio das posibles diferencias individuais de calquera índole que dificulten as aprendizaxes.

Accións prioritarias

- Faise especial fincapé nas relacións do centro coas familias, especialmente importantes nesta etapa, así como nos procesos de incorporación de novos alumnos a esta etapa, co correspondente plan de acollida.
- Ademais, a presenza dunha mestra de apoio nesta etapa, permitirá, en colaboración coas titoras e o departamento de orientación, detectar posibles dificultades de xeito precoz e tratar de corrixilas de xeito inmediato.
- Realizarase un programa de estimulación da fala e adestramento articulatorio co alumnado desta etapa.

Educación primaria

As actividades propostas abranguen os seguintes bloques de contidos da titoría:

1. Actividades de acollida e integración
2. Actividades sobre normas, obxectivos e funcionamento do grupo
3. Prevención, diagnose e tratamento de dificultades nas técnicas instrumentais básicas
4. Técnicas de Traballo Intelectual.
5. Temas transversais
6. Sesións de avaliación

7. Actividades co equipo docente
8. Actividades cos pais/nais
9. Avaliación da titoría

Estas actividades atópanse desenvolvidas no correspondente documento.

Liñas de acción prioritarias

- Realización dun programa de prevención do mal uso das TICS no sexto curso de Primaria, coordinado e impartido polo xefe do departamento.
- Tamén se farán actividades de animación á lectura (mochilas viaxeiras, intercambio guiado de libros, etc).
- Prevese tamén a exposición por parte dos alumnos de 1º da ESO dos seus traballos desenvolvidos no Proxecto Interdisciplinar a nenos de Primaria.

Educación secundaria obrigatoria

Nesta etapa propóñense actividades relacionadas, por un lado, coas técnicas de traballo instrumental e as estratexias cognitivas, cos dereitos e deberes do alumnado, elección de delegados, sesións de avaliación, e por outro, co plan de Orientación Académica e profesional (actividades de autoconhecimento, coñecemento sobre as alternativas vocacionais e toma de decisións responsable). Por outra banda, desenvolveranse actividades sobre convivencia, educación en valores e prevención e tratamento de conflitos. As devanditas actividades atópanse definidas no Plan de Acción Titorial da etapa e no Plan de Orientación académica e profesional, e os materiais para as distintas sesións de titoría foron elaborados e expostos aos titores e titoras por parte do xefe do departamento. Os guións das actividades aparecen no documento correspondente ao PAT.

Accións prioritarias

- Prevese a organización de actividades de prevención do mal uso das novas tecnoloxías para 2º da ESO.
- Dentro do Plan de Orientación Académica e Profesional, prevese unha visita a un centro que imparta ciclos formativos de grao medio e bacharelato co alumnado de 4º de ESO (valorarásese tamén co de 3º)
- O propio xefe do departamento impartirá sesións sobre autoconcepción, toma de decisións e información vocacional para o alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO, así como reunións coas familias do alumnado destes cursos para informalos das novidades propostas pola LOMCE e outras sobre itinerarios vocacionais.
- Este departamento coordinará un programa de intervención en 3º e 4º da ESO sobre igualdade e prevención da violencia de xénero e novas tecnoloxías, dentro das liñas propostas polo **Plan “Suprime o Control”**, impartido por profesionais contratados pola Deputación de A Coruña.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro deste documento contémpanse unha serie de medidas para asegurar unha resposta educativa o máis axeitada posible a alumnos con necesidades educativas especiais. Estas medidas abranguen a realización de reforzos educativos, apoios, adaptacións curriculares e, por suposto, avaliación psicopedagóxica.

Os recursos humanos para desenvolver este plan comprenden ós respectivos titores e profesores de área, especialistas en Pedagogía Terapéutica, orientador e especialista en Audición e Linguaxe.

PLAN DE ATENCIÓN A ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

Este CPI dispón dun plan de acollida e actuación co alumnado procedente do estranxeiro recollido nesta programación. Este plan contempla diversas medidas de atención á diversidade tanto curriculares como organizativas para favorecer o máis posible a integración do devandito alumnado no noso centro e na nosa cultura.

CENTROS ADSCRITOS

O CEIP de Ortigueira queda adscrito a este departamento. Tamén o son as escolas do CRA Boqueixón-Vedra pertencentes a este último concello (San Xián de Sales, San Fins, Lestedo e San Miguel de Sarandón). O xefe do mesmo ten no seu horario estipulado a mañá dos martes de 9.30 a 14.05 para a atención destes centros.

Accións prioritarias nos centros adscritos

- avaliación precoz de alumnado con dificultades de aprendizaxe e detección de posibles alumnos con NEAE
- asesoramento nas medidas de reforzo educativo e adaptacións curriculares, así como outras cuestións relacionadas con titorías ou deseños curriculares.
- Procurarase, ademáis, a coordinación destes centros e a súa correspondente programación coa do CPI de Vedra. Para tal fin, representantes do CEIP acuden ás reunións do departamento, así como a algunha das xuntanzas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, nas que se trata a uniformidade e continuidade dos proxectos curriculares. Tentarase a redacción dun PAT para o CEIP de Ortigueira.

Audición e Linguaxe

Este departamento dispón dun especialista en Audición e Linguaxe. Este profesional atende as demandas relativas ás dificultades lingüísticas dos alumnos. O seu labor contempla a avaliación e a intervención con estes alumnos e a súa programación está incorporada no correspondente documento ó plan deste departamento.

Seguidamente adxúntanse as distintas programacións do departamento

CPI DE VEDRA. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Esta resposta ás devanditas necesidades debe estar encadrada dentro dos dous principios fundamentais que deben guiar a atención ó noso alumnado, que figuran no Decreto 229/2011 que regula a atención a diversidade:: estes son o principio de **normalización**, polo cal os alumnos terán o dereito a recibir unha educación dentro dun marco o máis normal posible, e, por tanto, non restritivo, e o principio de **integración**, polo cal se lles debe asegurar unha resposta educativa que trate de incluílos o máis posible dentro do seu grupo de referencia e da institución escolar, independentemente das súas condicións persoais e sociais. Estes conceptos xúntanse no de **inclusión**, que propón a LOE.

Neste sentido, dende o noso centro cabe destacar, seguindo o Decreto 229/2011 unha serie de medidas de atención á diversidade a adoptar durante este curso:

ordinarias:

- Desdobre nas áreas de Língua Galega e Literatura, Língua Inglesa e Lingua Castelá e Literatura nos grupos de 1º da ESO.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria na etapa de Ed. Primaria. A tal efecto estivo a elaborarse un horario de acordo coa Xefatura de estudos.
- Apoios na etapa de Ed. Infantil por parte da mestra en plantilla dedicada a esta etapa.
- Desdobre na área de Ed. Física do alumnado de 1º de Primaria.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, a través do programa de ESTIMULACIÓN DA FALA en Infantil e a través do Proxecto lector e a "hora de ler" nas etapas de Primaria e ESO.
- Programas de habilidades sociais: a través do programa de prevención do mal uso de internet e redes sociais no sexto curso de Primaria e no 2º curso de ESO.

extraordinarias:

- Adaptacións curriculares
- Atención de PT e AL

RECURSOS PERSOAIS

Dentro deste plan de atención a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, cabe salientar que deben participar nel tódolos membros da comunidade educativa. Quere isto dicir que dende os profesores de área, que elaborarán as medidas ordinarias de reforzo educativo dentro da súa aula, e redactarán as necesarias adaptacións curriculares, pasando polo xefe do departamento de orientación e os especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, que asesorarán ós profesores neste cometido, ata os membros da Xunta directiva, que facilitarán e promoverán este labor, este é un traballo de todos.

AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Tal como recolle a orde de 31 de outubro de 1996, a avaliación psicopedagóxica do alumnado é unha función específica da xefatura do departamento de orientación. Enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos ou alumnas que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, a proposta de

flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades.

MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

Estarán dirixidas a aqueles alumnos que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden segui-lo proceso ordinario de ensino- aprendizaxe.

Son responsabilidade do profesor de área, asesorado polo orientador e profesores de apoio, se é necesario.

Dentro de estas medidas podemos citar priorización de obxectivos, cambios na temporalización, na metodoloxía, diversificación de actividades nas unidades didácticas, traballo en distintas clases de grupos, cambios nos instrumentos de avaliación, etc.

Debamos facer constar neste punto a existencia de dous profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica, así como dun especialista en audición e linguaxe no noso centro.

Do mesmo xeito existen na programación horaria dos distintos profesores de Educación Primaria horas dedicadas a reforzos educativos, nas que atenden a grupos de alumnos de distintas aulas.

Medidas organizativas:

Este curso, como xa se citou, teremos un desdobre no nivel de 1º da ESO nas áreas de Lingua galega e literatura, Lingua inglesa e Lingua castelá e literatura.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptacións curriculares son modificacións dos elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atende-las necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. Antes de realizalas, deben esgotarse outras medidas ordinarias de reforzo educativo.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do orientador e doutros profesionais, se é o caso, e terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no 2º ciclo da Educación Secundaria, no que poderán desenvolverse só nun curso.

Para a súa realización, farase por parte do departamento de orientación o correspondente informe psicopedagóxico, segundo a orde de 31 de Outubro de 1996, que regula a avaliación psicopedagóxica.

As adaptacións curriculares precisarán da autorización da inspección educativa.

Neste sentido, debemos salientar que neste curso procederase á redacción da ACS dun alumno de 2º da ESO e a renovación da dun alumno de 3º de ESO e continuaranse a desenvolver as respectivas a un alumno e a unha alumna de 1º da ESO. Tamén se elaborarán novas adaptacións para un alumno de 3º de Ed. Primaria novo no centro, así como en Ed. Física para un alumno con discapacidade motora.

Finalmente, destacar a necesidade de facer un plan de desenvolvemento individualizado para unha alumna con pluridiscapacidade escolarizada en 2º de Primaria en escolarización combinada co CEE López Navalón.

CPI DE VEDRA. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. INTRODUCCIÓN

Dentro do labor titorial desenvolvido neste centro, comprende neste intre atender as necesidades que nos demanda a etapa de Educación infantil. Antes de comezar, queremos deixar claro que os principios relativos á Orientación que van guiar este cometido son os mesmos que os xa citados para as outras etapas, é dicir, a consideración curricular e educativa da Orientación e do labor titorial, por un lado, e o modelo de funcionamento por programas, con clara vocación preventiva e compensadora de desigualdades. Esta faceta é de especial importancia nesta etapa, xa que o único xeito de garantir este obxectivo pasa por unha atención temperada das dificultades dos rapaces e rapazas desta etapa. Para atopar o desenvolvemento destes puntos, nos remitimos ós P.A.T. das outras etapas.

Do mesmo xeito, consideramos necesario nesta introdución lembrar unha serie de variables que influirán no desenvolvemento do traballo titorial, como son o contorno socio-económico e cultural do centro, a experiencia titorial e técnica do equipo educativo ou as características xerais dos alumnos. Por mor de evitar ser repetitivos, tamén aquí nos remitimos ós mesmos puntos dos PAT das outras etapas, nos que se detallan polo miúdo estes aspectos. De seguido, pasamos a centrarnos nas características propias da etapa de Educación Infantil.

O primeiro punto a ter en conta nesta etapa refírese ás idades dos rapaces escolarizados, idades que van dende os 3 ata os 6 anos. Este abano de idades fai que o traballo teña que presentar unha continuidade, ó mesmo tempo que esixe unha progresiva variación dende contidos máis relacionados coa integración e a autonomía persoal cara a outros máis vencellados coas futuras aprendizaxes que van a afrontar na etapa de Educación Primaria.

Outro aspecto específico desta etapa a resaltar é o citado anteriormente respecto ó carácter curricular da titoría. Os contidos a desenvolver nesta etapa son esencialmente titoriais, polo que non nos parece axeitado desenvolverlo labor titorial con materiais específicos, que sobrecarguen tanto ós rapaces como ás titoras. A través das propias actividades curriculares da etapa, coidamos que os nenos poderán acadar os obxectivos titoriais, polo que este documento cobra meirande importancia no relativo á coordinación do equipo docente e á comunicación coas familias dos rapaces. Isto non quere dicir que se descoide o sentido compensador e de atención temperada ante as dificultades de determinados grupos ou rapaces, que sí poderán ter unha programación específica de actividades, decididas de acordo co Departamento de Orientación do centro.

2. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que se pretenden serán os mesmos de calquera Plan de Acción Titorial:

- Orienta-los pais e nais no seu labor educativo.
- Dar un pulo ó desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
- Coordina-la acción educativa do equipo docente.
- Optimiza-los procesos de ensino-aprendizaxe.

Nembargantes, como se pode apreciar, estes obxectivos xerais aparecen en distinta orde dos de outras etapas educativas, xa que consideramos a Educación Infantil como complementaria á educación da familia e, xa que logo, aparece este obxectivo no primeiro lugar.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os anteriores obxectivos xerais deben ser concretados en función da etapa educativa, das características do centro, das necesidades educativas existentes, etc.

Tendo en conta estas variables, e considerando tamén a coincidencia que existe nesta etapa entre as funcións de profesor/a e titor/a, os obxectivos específicos poderían ser os seguintes:

Respecto á orientación dos pais e nais no seu labor educativo:

- Coordina-las actividades educativas familia-escola.
- Participación dos pais e nais nas tarefas do centro.
- Proporcionarlles información sobre a marcha dos seus fillos e fillas.
- Asesoralos nos conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter cos seus fillos e fillas.
- Solicita-la súa colaboración nas actividades.

Relativos ó desenvolvemento psicosocial dos alumnos e alumnas:

- Fomenta-lo desenvolvemento da identidade persoal dos nenos e nenas.
- Procura-.lo desenvolvemento dunha autoestima e un autoconcepto axeitados.
- Integra-lo alumno/a no centro e no grupo-clase.

Respecto á coordinación educativa do equipo docente:

- Coordina-la acción educativa e titorial a través dos distintos niveis da etapa.
- Relativos á optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe:
- Controla-la idoneidade dos procesos madurativos e evolutivos dos cativos.
- Levar conta por escrito das características da aprendizaxe dos rapaces e rapazas de xeito continuo nos distintos eidos de desenvolvemento.

4. RECURSOS

4.1. PERSOAIS

O desenvolvemento deste P.A.T. contará coa participación de tódolos titores da etapa, e a profesora de apoio, asesorados polo orientador do centro. Tamén se contempla a posibilidade da colaboración doutros profesores, así como do equipo directivo para a posta en marcha dalgunha actividade tanto dentro como fóra do centro.

4.2. MATERIAIS

Trátase de ofrecer ós titores e profesores a documentación e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, que irán dende a confección de grellas de avaliación e enquisas nas que só precisarán poñer os datos concretos ata documentación legal, pasando por materiais didácticos axeitados para o desenvolvemento das distintas actividades. A recollida e valoración e/ou elaboración destes materiais corresponderalle principalmente ó orientador, sen perxuízo de que os titores e profesores poidan aportar materiais que consideren axeitados para o desenvolvemento dos obxectivos deste P.A.T.

5. METODOLOXÍA

A metodoloxía básica a desenvolver nas actividades deste P.A.T. baséase na significatividade das aprendizaxes. O alumno é o construtor dos seus coñecementos e o papel dos profesores e titores é de mediador e facilitador desta aprendizaxe. Xa que logo, a metodoloxía proposta consistirá en promover unha intensa actividade por parte do alumno nas actividades de titoría, tratando de fuxir, no posible, de deseños unicamente expositivos que provocan a pasividade do alumno. Os contidos e actividades tentarán de provoca-lo desequilibrio nos esquemas mentais do alumno, para ir creando progresivamente novos esquemas máis complexos. Isto supón que a dificultade destes contidos deberá estar de acordo coas capacidades e niveis do alumnado.

Outra das características do método de traballo será a combinación de actividades de gran grupo con outras individuais ou de pequeno grupo, xa que considerámo-la aprendizaxe social como unha das fontes principais de coñecemento. Tamén teremos en conta a apertura do centro cara ó seu redor, con propostas afastadas das aulas que fagan máis doada a comprensión do mundo físico e social que rodea ó alumno.

Por outra banda, consideramos de especial importancia na etapa de Educación Infantil a presenza do xogo como catalizador de tódalas aprendizaxes. Vai ser a través das actividades lúdicas como se produzan os principais achados por parte dos nenos da realidade que os rodea.

Tamén é de subliñar que esta metodoloxía terá presente os principios psicopedagóxicos da LOE, procurando ter en conta os intereses e motivacións do alumnado.

6. PLAN DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS, E DE INTEGRACIÓN DOS ALUMNOS

- Xuntanza cos pais dos novos alumnos en Xuño do ano anterior ó curso entrante.
- Visita á escola cos pais.
- Asesoramento sobre a preparación dos nenos para o colexio dende a casa.
- En Setembro, entrada escalonada durante varios días acompañados dos pais segundo os casos.
- Entrevistas cos pais e nais e reunión de principio de curso con todos eles.
- Outros contactos coas familias: reunións para colaboracións puntuais, obradoiros (teatro), excursións (museo do mel, casa dos peixes).
- Informes trimestrais ós pais e notas informativas.

ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN DO EQUIPO EDUCATIVO

- Unha xuntanza por mes.
- Reunións extraordinarias no caso de saídas fóra do centro ou de actividades especiais: teatro, festival de nadal, de fin de curso, de antroido.
- Asistencia dunha representante ás reunións do departamento.

ACTIVIDADES DE OPTIMIZACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO- APRENDIZAXE

- Realización de obradoiros cos rapaces dos distintos grupos mesturados: barro, teatro, maquillaxe...
- Organización de distintos xogos: pelota, fotografías, etc.
- Programa de estimulación da fala.

AVALIACIÓN

A avaliación deste P.A.T., para cada un dos ciclos, levarase a cabo en dous intreos ben diferenciados:

Por unha banda, deberase realizar (por medio dos titores e do Departamento de Orientación) unha avaliación formativa durante a posta en marcha das actividades, permitindo deste xeito a modificación, supresión ou mellora daquelas que resulten pouco efectivas.

Por outra banda, será efectuada unha avaliación final ou sumativa deste P.A.T., que permita a súa posterior mellora no proceso de toma de decisións cara a sucesivos cursos.

Neste intre, parece necesario falar da necesidade de facer esta avaliación en dous niveis claramente diferenciados:

Dun lado, a avaliación débese facer por parte de tódolos participantes nas actividades (profesores, alumnos e, na medida do posible, pais e nais)

Doutro lado, polo Departamento de Orientación e o Equipo Directivo do centro.

Os instrumentos que empregaremos para levar a cabo esta avaliación serán basicamente enquisas, cuestionarios e discusións en grupo.

Os **criterios de avaliación** terán como referencia principal os obxectivos específicos sinalados para esta etapa neste P.A.T., aínda que como regra xeral deberemos establecer, respecto ás actividades, cando menos, os seguintes eidos de avaliación:

- ♦ Axeitamento das actividades propostas ás variables propias do centro, dos profesores e dos alumnos.
- ♦ Idoneidade dos materiais de traballo
- ♦ Distribución axeitada da temporalización de actividades.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO C.P.I. DE VEDRA PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. INTRODUCCIÓN

Entendemo-lo Plan de Acción Titorial (PAT) como a planificación específica pertencente ó Plan Anual de Centro das actividades propias dos profesores-titores. Para entendermos as liñas básicas deste PAT compre ter en conta unha serie de variables de grande importancia na súa configuración, que se ben xa foron consideradas no Plan de Orientación, pensamos que para o desenvolvemento deste documento teñen unha importancia vital:

- O contorno social e cultural onde se atopa o noso centro podémolo considerar como medio – baixo. O medio é rural, e a poboación atópase espallada polas distintas parroquias que compoñen o concello de Vedra. Non existe unha oferta de actividades sociais e culturais mais que de xeito illado, polo que o centro se erixe no núcleo principal de convivencia dos rapaces.
- Ten unha boa organización escolar, con coordinación axeitada das actividades docentes, pero non existe experiencia no traballo titorial sistematizado, aínda que si se pode apreciar unha grande receptividade cara a este eido da educación por parte dalgúns dos membros do equipo docente.
- Respecto ás etapas educativas que se imparten no noso centro, sinalar que existen as etapas de educación Infantil e ESO, aparte da Primaria.
- No que atinxe ás características diferenciais dos alumnos, simplemente sinalar que na etapa de Educación Primaria conflúen estadios evolutivos moi diversos. Se engadimos a isto os diferentes ritmos individuais de desenvolvemento, non é difícil concluír que resulta complicado o deseño dun plan que cubra tódalas necesidades dos rapaces e docentes, que tamén manteñen distintas concepcións educativas.
- Este documento ten un carácter de guía e, ata certo punto, de borrador. Será a experiencia durante este curso e a avaliación do plan as que nos dean as liñas directrices cara ó futuro, os cambios necesarios, as que nos informen sobre a viabilidade das propostas ou sobre a inclusión doutras.

Tendo en conta estas variables, pasamos agora a tomar en consideración a nosa concepción da Orientación Educativa, que se apoia en dous principios básicos, que son:

Unha concepción educativa e curricular da Orientación, que nos leva a establecela como parte do curriculum do alumno, sempre e cando sexa posible, así como partir deste curriculum para enfoca-los procesos orientadores (e, asemade, os titoriais).

Un modelo de funcionamento por programas, o que fai que centrémo-la atención da Orientación (e tamén a da acción titorial como primeiro nivel da mesma) no artellamento de programas educativos, dirixidos a toda a poboación da etapa, preferentemente de carácter preventivo e establecidas *a priori* tendo en conta as necesidades educativas dos diferentes grupos. Compre neste intre subliñar a previsión de outras actividades de tipo compensador, dada a problemática de algúns rapaces con necesidade de apoio educativo ou con necesidades educativas especiais.

2. OBXECTIVOS

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que pretendemos conseguir con este P.A.T. son os seguintes:

- Impulsa-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimiza-los procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordina-la acción educativa do equipo docente.
- Orienta-los pais e nais no seu labor educativo.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os anteriores obxectivos xerais precisan a súa posterior concreción en función das seguintes variables: etapa educativa, características do centro, experiencia titorial e técnica dos docentes, necesidades educativas especiais existentes, etc.. Os obxectivos que nos trazamos para esta etapa son:

a) Relativos ó desenvolvemento psicosocial dos alumnos:

- Desenvolver nos alumnos e alumnas unha autoestima positiva e un bo autocontrol.
- Conseguir unha boa adaptación escolar do alumnado, a través do coñecemento persoal de compañeiros e profesores, e do ámbito escolar no que está inmerso.
- Coñecer e respecta-las normas sociais básicas de convivencia.
- Logra-la participación do meirande número de alumnos e alumnas en actividades colectivas, sexan estas académicas, culturais ou de lecer.
- Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes participativas e habilidades sociais e de convivencia.

b) Referentes á optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe:

- Desenvolver unha boa actitude perante o estudio.
- Favorece-la evolución persoal e o rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Ser quen de realizar autonomamente un método activo de estudio, con unha planificación axeitada e un ambiente de estudio favorable (no último ciclo da etapa).

c) Relativos á coordinación do equipo docente:

- Facer doadas as relacións dentro dos ciclos e entre estes, asegurando deste xeito unha continuidade no proceso educativo.
- Establecer canles para as avaliacións tanto dos progresos do alumnado como para a valoración do proceso educativo.

d) Referentes á orientación dos pais e nais no seu labor educativo:

- Establecer unha conexión entre o centro educativo e as familias dos alumnos e alumnas.
- Aconsellos nos problemas que poidan xurdir na educación dos seus fillos.
- Resposta-las demandas e manter unha comunicación persoal cando sexa necesario.
- Asesoralos no mellor xeito de axuda-los seus fillos.

3. RECURSOS

3.1. PERSOAIS

O desenvolvemento deste P.A.T. contará coa participación de tódolos titores da etapa, asesorados polo orientador do centro. Tamén se contempla a posibilidade da colaboración dos distintos profesores non titores da etapa para o desenvolvemento de actividades puntuais de contidos titoriais por medio das súas respectivas áreas, así como do equipo directivo para a posta en marcha dalgunha actividade tanto dentro como fóra do centro.

3.2. MATERIAIS

Trátase de ofrecer ós titores e profesores a documentación e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, que irán dende a confección de grellas de avaliación e enquisas nas que só precisarán poñer os datos concretos ata documentación legal, pasando por materiais didácticos axeitados para o desenvolvemento das distintas actividades e sesións de titoría. A recollida e valoración e/ou elaboración destes materiais corresponderalle principalmente ó orientador, sen perxuízo de que os titores e profesores poidan aportar materiais que consideren axeitados para o desenvolvemento dos obxectivos deste P.A.T.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía básica a desenvolver nas actividades deste P.A.T. baséase na significatividade das aprendizaxes. O alumno é o construtor dos seus coñecementos e o papel dos profesores e titores é de mediador e facilitador desta aprendizaxe. Xa que logo, a metodoloxía proposta consistirá en promover unha intensa actividade por parte do alumno nas actividades de titoría, tratando de fuxir, no posible, de deseños unicamente expositivos que provocan a pasividade do alumno. Os contidos e actividades tentarán de provoca-lo desequilibrio nos esquemas mentais do alumno, para ir creando progresivamente novos esquemas máis complexos. Isto supón que a dificultade destes contidos deberá estar de acordo coas capacidades e niveis do alumnado. Ademais disto, cara ó final da etapa preténdese que o alumno sexa quen de “aprender a aprender”, independentemente dos contidos que se lle propoñan.

Outra das características do método de traballo será a combinación de actividades de gran grupo con outras individuais ou de pequeno grupo, xa que considerámo-la aprendizaxe social como unha das fontes principais de coñecemento. Tamén teremos en conta a apertura do centro cara ó seu redor, con propostas afastadas das aulas que fagan máis doada a comprensión do mundo físico e social que rodea ó alumno.

Tamén é de subliñar que esta metodoloxía terá presente os principios psicopedagóxicos da Reforma Educativa, procurando ter en conta os intereses e motivacións do alumnado.

PLAN DE ACTIVIDADES

A planificación das actividades vai depender de xeito directo do ciclo educativo para o que estean deseñadas, polo que se ordenarán seguindo esta variable. Outro dos criterios desta planificación ten que ver coas características do alumnado ó que vai dirixida.

BLOQUES DE ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. Actividades de acollida e integración
2. Actividades sobre normas, obxectivos e funcionamento do grupo
3. Prevención, diagnose e tratamento de dificultades nas técnicas instrumentais básicas
4. Temas transversais
5. Sesións de avaliación
6. Actividades co equipo docente
7. Actividades cos pais/nais
8. Avaliación da titoría

ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN

Obxectivos

1. Facilita-la toma de contacto dos alumnos/as co Centro, a aula, as instalacións e recursos e a primeira relación cos compañeiros/as de curso e titor/a.
2. Recoller información, opinións e propostas dos alumnos/as, a través dos seus titores, útiles para o maior coñecemento dos alumnos/as e do grupo e para a planificación inicial das tarefas docentes e orientadoras.

Tarefas e actividades

- Presentación do titor/a e do Equipo Directivo ós alumnos/as
- Presentación de alumnos/as recién incorporados/as ó Centro
- Proporcionar informacións sobre o Equipo Docente, horarios, clases, horas de titoría, de recepción de pais/nais, calendario escolar, datas de avaliacións, ...
- Breve información sobre a organización e funcionamento do Centro
- Recollida de información sobre antecedentes escolares, persoais, familiares e sociais, así como necesidades, experiencias, expectativas académicas e profesionais, motivacións, etc.

Técnicas e estratexias

- * Exposición en gran grupo
- * Cuestionarios
- * Entrevistas iniciais
- * Observacións
- * Informes de titores/as e profesores/as do curso anterior

NORMAS, OBXECTIVOS E FUNCIONAMENTO DO GRUPO

Obxectivos

1. Motivar ós alumnos/as a participar nas actividades do CPI e no seu funcionamento.
2. Informar ós alumnos/as sobre a estrutura, organización, funcionamento do
3. Centro e as posibilidades que se ofrecen.
4. Promover que o grupo adopte normas de conduta e funcionamento maduras, exercitando os seus dereitos e responsabilidades para consigo
5. mesmo, os seus compañeiros/as e a institución escolar no seu conxunto.
6. Concretar a partir das normas xerais do Centro as que rexerán para a clase durante o curso.
7. Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a
8. participación dos alumnos/as na vida do Instituto, elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares,...

Tarefas e actividades

- Proporcionar información sobre a estrutura organizativa e obxectivos do Centro.
- Exposición das formas de participación dos alumnos/as na vida do centro.
- Actividades previas á elección de delegado/a (funcións e responsabilidades, perfil, ...) e elección.
- Elaboración dun mural que recolla as normas da clase.
- Distribuír pequenas responsabilidades entre os alumnos de cada aula, en función das súas posibilidades e madurez.

Técnicas e estratexias

- * Exposición en gran grupo
- * Traballo en pequenos grupos
- * Postas en común
- * Debates
- * Votación, segundo o procedemento democrático

PREVENCIÓN, DIAGNOSE E TRATAMENTO DE DIFICULTADES NAS TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Obxectivos:

1. Previ-los posibles atrancos na aprendizaxe da lectura e da escritura
2. Previr, asemade, as dificultades na adquisición do concepto de número e na aprendizaxe das operacións básicas de cálculo.
3. Detecta-las dificultades precozmente e tratar de solucionarlas mediante apoios educativos.

Tarefas e actividades:

1. Avaliación da competencia curricular dos alumnos, así como avaliación psicopedagóxica mediante probas obxectivas relativas ós contidos que nos ocupan.
2. Actividades de iniciación, consolidación e reforzo destas aprendizaxes dentro da aula, segundo o curso educativo.
3. Medidas de reforzo educativo fóra da aula a tempo parcial.
4. Seguimento periódico destas actuacións.

Técnicas e estratexias:

1. Pase de probas psicopedagóxicas estandarizadas.
2. Análise de traballos e observación participante para recoller datos sobre a competencia curricular dos alumnos.
3. Traballo sobre fichas de lectura comprensiva, escritura, discriminación visual, esquema corporal e diferenciación espacial, segundo os niveis educativos.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Obxectivos

1. Avalia-lo proceso de aprendizaxe dos alumnos/as e o proceso de ensino.
2. Afondar no coñecemento do grupo.
3. Reflexionar sobre os factores que inflúen na súa evolución e a través da información compartida e a coordinación de criterios e actividades, orientar e solucionar-las dificultades que se detecten no grupo
4. Reflexionar e revisa-la actuación co grupo-clase, unificar criterios e planificar actividades de recuperación e adaptación curricular
5. Establecer os reaxustes que se consideren necesarios na programación, metodoloxía, ...

Desenvolvemento da sesión

• Previamente:

- Os profesores/as entregan as cualificacións e observacións ó titor/a
- Elaboración polo titor/a dun informe no que se reflicta o rendemento do grupo, análise das cualificacións por materias, estrutura e cohesión do grupo, participación, clima de traballo, actitude ante as normas, relacións dos alumnos/as cos profesores/as,...
- Elaboración dun informe individual de alumnos/as que presenten dificultades (necesidades educativas especiais, repetidores, baixo rendemento, dificultades de integración, ...)

• Desenvolvemento da sesión:

- Análise do tratado
- Valoración do funcionamento do equipo educativo e establecemento de propostas de solución para as deficiencias observadas, reaxustes nas programacións, ...
- Alumnos/as con progreso satisfactorio.
- Medidas para mante-la motivación polo estudio.
- Determinación de alumnos/as con problemas e circunstancias que concorren. Determinación de formas concretas de orientación y apoio para eses alumnos/as.
- Concreción do tratado. Establecer compromisos, acordos, pautas de actuación en determinados casos e mecanismos de seguimento e avaliación dos acordos.

• Postavaliación

- Cada titor/a elaborará unha folia resumo da Xunta de Avaliación (que se entregará os profesores/as, Xefe de Estudos e Xefe do Departamento de Orientación)
- Posta en marcha das actividades de recuperación/adaptación curricular
- Convocar a pais/nais de alumnos/as que o precisen a xuízo do equipo docente

ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE

Obxectivos

1. Obter información inicial sobre o alumnado útiles para o desenvolvemento das súas funcións docentes, avaliadoras e orientadoras.
2. Recoller información, opinións e propostas de cada un dos profesores/as sobre calquera tema que afecte ó grupo ou a alumnos/as en particular e circunstancias que concorren na problemática do grupo ou de determinados alumnos/as
3. Unificar criterios co equipo docente e planear estratexias coordinadas para o tratamento flexible da diversidade
4. Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo, organizar e presidi-las sesións de avaliación.
5. Implicar ó profesorado nas tarefas orientadoras e concreta-las actuacións do equipo docente
6. Mediar ante situacións de conflito entre profesores/as e alumnos/as.

Tarefas e actividades

• Programadas:

- ◊ Realización dunha avaliación inicial, probas de nivel e determinar procedementos para recompilar información sobre a situación de partida dos alumnos/as.
- ◊ Establecemento de acordos compartidos polo equipo docente respecto á definición de obxectivos comúns, principios metodolóxicos xerais, contidos procedimentais comúns, instrumentos e criterios de avaliación, tratamento dos temas transversais nas distintas materias, ...
- ◊ Sesións de avaliación
- ◊ Definición da participación do profesorado en tarefas orientadoras (técnicas de traballo intelectual, orientación vocacional, avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, ...) e establecemento de procedementos para o seguimento e avaliación das intervencións planificadas.

• Reunións puntuais con un profesor/a:

◊ Análise de calquera conflito dun profesor/a co grupo (dificultades na súa materia, metodoloxía, problemas de comportamento, etc), recollendo o seu punto de vista, para encarreira-la situación delimitando o problema e as súas causas e para orienta-las posibles vías de intervención por parte do profesor e revisa-la marcha do conflito

REUNIÓNS COS PAIS/NAIS

Obxectivos

1. Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cos pais/nais que faciliten a conexión co centro e as familias
2. Informar ós pais/nais sobre todos aqueles temas relacionados coa educación dos seus fillos e das actividades de orientación
3. Implicar ós pais/nais en actividades de apoio ó aprendizaxe e orientación dos seus fillos
4. Intercambiar información sobre o alumno/a co fin de lograr unha maior comprensión da súa situación
5. Orientar nalgún tema ou problema específico que incumba o se fillo/a, analízalo conxuntamente e formular un plan de intervención

Tarefas e actividades

- Elabora-la citación ós pais/nais, expoñendo os obxectivos da reunión e incluíndo a Orde do día.
- Reunión colectiva cos pais/nais dos alumnos/as do grupo ou nivel con presenza dos titores/as, equipo directivo e departamento de orientación para trata-los puntos incluídos na Orde do día, incluídos na citación.
- Reunións para informar e pedi-la colaboración ós pais/nais en relación a diversos programas.
- Colaboración dos pais/nais en visitas, actividades extraescolares, etc.
- Reunións do titor/a cos pais/nais dos grupos de alumnos/as que presenten problemática particular (pouco rendemento, disciplina, necesidades educativas máis especiais, ...)
- Entrevistas individuais previa citación.

Técnicas e estratexias

- * Reunións inicio/final de curso
- * Reunións durante o curso previamente convocadas
- * Cartas informativas, informes de avaliación e entrevistas individuais
- * Cuestionarios dirixidos ás familias
- * Reunións con grupos reducidos de pais/nais.

TEMPORALIZACIÓN DESTAS ACTUACIÓNS

SETEMBRO OUTUBRO

- Coordina-la recepción dos alumnos/as ea presentación das materias ós alumnos/as
- Recolle-la información inicial sobre os alumnos/as e as súas familias e informar ós profesores/as

NOVEMBRO

- Coordina-la avaliación inicial
- Unificar criterios e establecer acordos compartidos respecto a obxectivos comúns, principios metodolóxicos xerais, contidos procedimentais comúns, ... e fixa-los procedementos a seguir para o seu seguimento e avaliación
- Informar ó equipo docente sobre o PAT e a programación titorial para o curso.
- Informar ó equipo docente sobre o desenvolvemento da reunión inicial mantida cos pais/nais de alumnos/as.

DECEMBRO

- Coordina-la avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe. Sesións de avaliación.

XANEIRO

- Desenvolvemento das sesións do obradoiro de prevención do mal uso das TICS
- Mesma definición respecto ó programa de técnicas instrumentais básicas

FEBREIRO

- Reunión da xunta de profesores para o seguimento dos alumnos/as que reciben apoio.
- Avaliación da efectividade destas medidas de reforzo.

MARZO

- Coordina-la avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Sesións de avaliación

ABRIL

- Reunión da Xunta de profesores para o seguimento de alumnos/as que reciben medidas de reforzo.

MAIO

- Seguimento e avaliación do programa de prevención do mal uso das TICS
- Seguimento e avaliación do programa de técnicas instrumentais básicas
- Instrucións para a recuperación das materias pendentes

XUÑO

- Coordina-la avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Sesións de avaliación
- Elaboración de informes e documentos de avaliación

AVALIACIÓN DA TITORÍA

Obxectivos

1. Avalia-lo funcionamento do PAT e a programación titorial levada a cabo
2. Analiza-lo desenvolvemento do PAT e as funcións de Orientación asignadas ó titor para corrixi-los desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio dos obxectivos, a adecuación das actividades, das estratexias de intervención e apoios recibidos, a temporalización, recursos, ...
3. Optimiza-la programación cara ó próximo curso

Tarefas e actividades

- Concretar co D.O. que aspectos van ser avaliados: funcións, obxectivos programados, actividades realizadas, temporalización, persoas implicadas, recursos, e en que momentos se realizará.
- Definir e/ou elaborar e aplica-los instrumentos para a avaliación e a autoavaliación
- Análise e valoración dos resultados
- Elaboración dun informe que se engadirá á memoria do D.O.
- Planificación para o próximo curso

Técnicas e estratexias

- Reunións de coordinación de titorías
- Cuestionarios dirixidos ós destinatarios das intervencións (alumnos/as, profesores/as, pais/nais)
- Cuestionarios de autoavaliación
- Intercambios orais
- Contraste de experiencias
- Niveis de participación
- Contrastación do conseguido cos criterios de avaliación de ciclo e do Plan de Orientación

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE VEDRA

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

INTRODUCCIÓN

Entendemos como Plan de Acción Titorial (PAT) como a planificación específica pertencente ó Plan Anual de Centro das actividades propias dos profesores-titores. Para entendermos as liñas básicas deste PAT compre ter en conta unha serie de variables de grande importancia na súa configuración:

- O contorno social e cultural onde se atopa o noso centro podémolo considerar como medio – baixo.
- Ten unha boa organización escolar, con coordinación axeitada das actividades docentes, pero non existe experiencia no traballo titorial sistematizado, aínda que si se pode apreciar unha grande receptividade cara a este eido da educación.
- Respecto ás etapas educativas que se imparten no noso centro, sinalar que existen as etapas de educación Infantil e Primaria, aparte da ESO.

Tendo en conta estas variables, pasamos agora a tomar en consideración a nosa concepción da Orientación Educativa, que se apoia en dous principios básicos, que son:

- 1) Unha concepción educativa e curricular da Orientación, que nos leva a establecela como parte do curriculum do alumno, sempre e cando sexa posible, así como partir deste curriculum para enfoca-los procesos orientadores (e, asemade, os titoriais).
- 2) Un modelo de funcionamento por programas, o que fai que centrémo-la atención da Orientación (e tamén a da acción titorial como primeiro nivel da mesma) no artellamento de programas educativos, dirixidos a toda a poboación da etapa, preferentemente de carácter preventivo e establecidas *a priori* tendo en conta as necesidades educativas dos diferentes grupos. Compre neste íntre subliñar a previsión de outras actividades de tipo compensador, dada a problemática de algúns rapaces xa comentada con anterioridade.

Xa para rematar esta introdución, simplemente apuntar que os contidos relativos á Orientación Vocacional dos alumnos irán tomando unha importancia meirande segundo vaia avanzando a etapa, e, xa que logo, irán diminuindo os contidos referidos ós problemas escolares (axuste de programacións e adaptacións curriculares).

2. OBXECTIVOS DO P.A.T.

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que pretendemos conseguir con este P.A.T. son os seguintes:

- Impulsa-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimiza-los procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordina-la acción educativa do equipo docente.
- Orienta-los pais e nais no seu labor educativo.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os anteriores obxectivos xerais precisan a súa posterior concreción en función das seguintes variables: etapa educativa, características do centro, experiencia titorial e técnica dos docentes, necesidades educativas especiais existentes, etc.. Os obxectivos que nos trazamos para esta etapa son:

1. No referente ó desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as:

- Facilita-la integración na etapa e no grupo clase.
- Desenvolver un nivel axeitado de autoconñecemento e de autoestima.
- Desenvolve-la madurez vocacional, aconsellando na toma de decisións tanto no que atinxe ó nivel de optatividade como no relativo ás diversas alternativas existentes ó remate da E.S.O.
- Dar un pulo á participación dos alumnos/as nas actividades non lectivas e extraescolares.

2. Relativos á optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe:

- Detecta-los posibles atrancos nas aprendizaxes instrumentais, especialmente na lectoescritura e nas técnicas de traballo intelectual (T.T.I.).
- Coordina-las respostas educativas axeitadas ás dificultades de aprendizaxe que se produzan no grupo clase ou nos suxeitos considerados individualmente.
- Coordina-los procesos de avaliación das aprendizaxes dos alumnos, así como as decisións sobre a súa promoción intercurso.
- Facilita-la reflexión dos alumnos sobre os seus propios procesos de aprendizaxe.

3. No que respecta á coordinación do equipo docente:

- Coordina-la adecuación das programacións de departamento e de aula respecto ás necesidades educativas do grupo-clase e dos alumnos considerados individualmente.
- Asesorar e coordina-la avaliación e promoción intercurso.

4. En relación coa orientación dos pais e nais no seu labor educativo:

- Fomenta-la participación dos pais e nais nas actividades do centro.
- Proporcionarlles información sobre o progreso dos seus fillos e sobre calquera outra circunstancia que poida ser do seu interese.
- Asesoralos nos conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter cos seus fillos.
- Solicita-la súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos.

3. RECURSOS

3.1. PERSOAIS

O desenvolvemento deste P.A.T. contará coa participación de tódolos titores da etapa, asesorados polo orientador do centro. Tamén se contempla a posibilidade da colaboración dos distintos profesores da etapa para o desenvolvemento de actividades puntuais de contidos titoriais por medio das súas respectivas áreas, así como do equipo directivo para a posta en marcha dalgunha actividade tanto dentro como fóra do centro.

3.2. MATERIAIS

Trátase de ofrecer ós titores e profesores a documentación e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, que irán dende a confección de grellas de avaliación e enquisas nas que só precisarán poñer os datos concretos ata documentación legal, pasando por materiais didácticos axeitados para o desenvolvemento das distintas actividades e sesións de titoría. A recollida e valoración e/ou elaboración destes materiais corresponderalle principalmente ó orientador, sen perxuízo de que os titores e profesores poidan aportar materiais que consideren axeitados para o desenvolvemento dos obxectivos deste P.A.T.

4) METODOLOXÍA

A metodoloxía básica a desenvolver nas actividades deste P.A.T. baséase na significatividade das aprendizaxes. O alumno é o construtor dos seus coñecementos e o papel dos profesores e titores é de mediador e facilitador desta aprendizaxe. Xa que logo, a metodoloxía proposta consistirá en promover unha intensa actividade por parte do alumno nas actividades de titoría, tratando de fuxir, no posible, de deseños unicamente expositivos que provocan a pasividade do alumno.

5) PLAN DE ACTIVIDADES

A planificación das actividades vai depender de xeito directo do curso educativo para o que estean deseñadas, polo que se ordenarán seguindo esta variable. Outro dos criterios desta planificación ten que ver coas características do alumnado ó que vai dirixida. As actividades de cada un dos cursos serán desenvolvidas nun “ficheiro do titor”, no que se farán explícitos os elementos seguintes:

- Obxectivos e descrición da actividade. Téntase simplemente de explicar con brevidade en que consiste a actividade e os obxectivos que con ela se perseguen.
- Guión para a súa posta en marcha. Neste apartado, os titores atoparán unha guía para a implantación de todas e cada unha das actividades, tendo ó mesmo tempo un carácter orientador e non prescritivo, de tal xeito que cando un titor considere que resulta máis axeitado para o seu grupo de alumnos outro guión, pode e debe adoptalo.
- Materiais didácticos necesarios. Preténdese ofrecer ós titores a documentación e os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade (patróns de entrevista, de enquisa, documentación legal e diversos materiais axeitados ás actividades).

6) AVALIACIÓN

A avaliación deste P.A.T., para cada un dos ciclos, levarase a cabo en dous intres ben diferenciados:

- Por unha banda, deberase realizar (por medio dos titores e do Departamento de Orientación) unha avaliación formativa durante a posta en marcha das actividades, permitindo deste xeito a modificación, supresión ou mellora daquelas que resulten pouco efectivas.
- Por outra banda, será efectuada unha avaliación final ou sumativa deste P.A.T., que permita a súa posterior mellora no proceso de toma de decisións cara a sucesivos cursos.

Neste intre, parece necesario falar da necesidade de facer esta avaliación en dous niveis claramente diferenciados:

- ♦ Dun lado, a avaliación débese facer por parte de tódolos participantes nas actividades (profesores, alumnos e, na medida do posible, pais e nais).
- ♦ Doutro lado, polo Departamento de Orientación e o Equipo Directivo do centro.

Os instrumentos que empregaremos para levar a cabo esta avaliación serán basicamente enquisas, cuestionarios e discusións en grupo.

Os **criterios de avaliación** terán como referencia principal os obxectivos específicos sinalados para esta etapa neste P.A.T., aínda que como regra xeral deberemos establecer, respecto ás actividades, cando menos, os seguintes eidos de avaliación:

- ♦ Axeitamento das actividades propostas ás variables propias do centro, dos profesores e dos alumnos.
- ♦ Idoneidade dos materiais de traballo.
- ♦ Distribución axeitada da temporalización de actividades.

7) SECUENCIACIÓN E RELACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES

a) PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE

- ♦ Actividades vencelladas ó recibimento do grupo-clase
1. Presentación do profesor titor, profesores, do grupo de alumnos e dos horarios.
 2. Explicación das características da E.S.O.
 3. Notificación
 4. Xuntanza informativa cos pais e nais dos alumnos do ciclo, incidindo nas condicións e control do estudio.

5. Discusión dos dereitos e deberes dos alumnos e das normas de réxime interior.
6. Elección de representantes do grupo clase.

♦ Actividades de coñecemento do grupo clase.

1. Enquisa de información académica, social e familiar.
2. Realización de un sociograma.
3. Establecemento de normas do grupo por parte dos alumnos.

MATERIAIS

- ♦ Modelo de horario
- ♦ Decreto de Dereitos e Deberes e copia das normas de réxime interior.
- ♦ Ficha de “Cuadernos de Acción Tutorial” Ed. Alfer.
- ♦ Cuestionario de Intereses Profesionais CIPSA.
- ♦ Materiais de elaboración propia

♦ Actividades de mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

1. De avaliación de necesidades: sociograma, observación sistemática e entrevistas individuais.
2. De intervención grupal ou individual, baseadas na avaliación do punto anterior.

- ♦ Programa sobre planificación e técnicas de estudo.
- ♦ Programa dirixido ás dificultades de aprendizaxe detectadas (comprensión lectora e estratexias de aprendizaxe, fundamentalmente).
- ♦ Programa sobre autoconhecimento e autoestima.

3. Actividades relacionadas coa avaliación.

- ♦ Reunións periódicas do equipo docente.
- ♦ Posibilidade da realización dunha pre-avaliación cos alumnos antes da sesión de avaliación para discutir medidas a adoptar por parte dos alumnos.
- ♦ Sesión de avaliación.
- ♦ Burocracia da avaliación.
- ♦ Comunicación dos resultados da avaliación ós pais e nais.

MATERIAIS

- ♦ Modelo de sociograma citado con anterioridade.
- ♦ Modelos de entrevista aberta, semiaberta ou pechada.
- ♦ Materiais de Orientación e Tutoría da Ed. Alfer, de Edelvives ou programas específicos da Ed. Escuela Española, e materiais de confección propia.
- ♦ Normativa e documentación legal vixente.
- ♦ Boletín e guión para a comunicación dos resultados.

SEGUNDO TRIMESTRE

As actividades deste segundo trimestre teñen que ver fundamentalmente co desenvolvemento dos distintos programas dos que consta este plan.

- Actividades para a mellora do proceso de ensino – aprendizaxe: PROGRAMA DE ESTRATEXIAS COGNITIVAS

Sesi3ns sobre toma de apuntes, subli3nado, resumos, esquemas...

- Actividades de orientaci3n vocacional:

PROGRAMA DE ORIENTACI3N ACAD3MICA E PROFESIONAL

Sesi3ns sobre percorridos acad3micos e profesionais, autoconceito positivo e toma de decisi3ns. (Ver POAP).

- Actividades relacionadas coa avaliaci3n: as mesmas que no primeiro trimestre.

PROGRAMA DE PREVENCI3N DO MAL USO DAS TICS

Sesi3ns sobre o emprego de internet nos ordenadores e nos m3viles e tratamento dos distintos riscos do abuso destas TICS e outros riscos derivados da privacidadade.

- Actividades e materiais online da web de "pantallas amigas".
- Fichas de elaboraci3n propia.

MATERIAIS

- Unidades de Toma de Decisi3ns do Adestramento en habilidades de Vida, da Universidade de Santiago.
- Materiais de elaboraci3n propia.
- Normativa e documentaci3n legal vixente.
- Bolet3n e gui3n para a comunicaci3n dos resultados da avaliaci3n.

TERCEIRO TRIMESTRE

Continuaci3n das actividades desenvoltas no trimestre anterior. Ademais:

- Actividades de avaliaci3n de resultados do Plan de Acci3n Titorial:

Pase de cuestionarios 3s alumnos e docentes. Valoraci3n subxectiva do Plan. Valoraci3n do nivel de implantaci3n das actividades do mesmo.

MATERIAIS

Enquisas e cuestionarios de elaboraci3n propia. b) 3º E 4º DA ESO
3º ESO. ACTIVIDADES

- Normas e valores do grupo. 2 sesi3ns
- Elecci3n de delegado/a. 2/3 sesi3ns
- Planificaci3n do estudio
- Elecci3n de optativas e itinerarios vocacionais

Estanse a elaborar novas unidades polo departamento de orientaci3n.

4º ESO. ACTIVIDADES

- Normas e valores do grupo. 2 sesi3ns
- Elecci3n de delegado/a. 2/3 sesi3ns
- Despois da ESO
- Autoconecemento

- Valores e familia
- Expectativas de futuro
- Alternativas vocacionais
- Toma de decisións
- Liberdade e persoalidade
- Asertividade e sociedade: os mass media
- Valores e tempo libre
- Billie Elliott. A vocación.
- Proposta vocacional

Ademáis destas actividades propostas, sobre as que se suministrará material en soporte informático aos titores/as para o alumnado, están previstas outras actividades coordinadas polo departamento de orientación (PROGRAMA SUPRIME O CONTROL).

PROGRAMA “SUPRIME O CONTROL”

O obxectivo do programa é ofrecerlle ao alumnado de 3º e 4º da ESO, ás súas familias, e ao profesorado, ferramentas coas que traballar pola construción de identidades igualitarias, facendo unha especial crítica ás violencias machistas na adolescencia e á súa reprodución por medio das redes sociais, os produtos audiovisuais, etc.

Obxectivos específicos:

APOIAR E AXUDAR

APOIAR a construción de identidades igualitarias, promovendo a adquisición de recursos persoais, e AXUDAR a identificar violencias machistas, especialmente aquelas máis sutís, ou case imperceptibles.

DESMITIFICAR

DESMITIFICAR o amor romántico, establecendo os límites entre o aceptable e non aceptable.

FOMENTAR E EDUCAR

FOMENTAR o pensamento crítico, procurando xerar cambios nos seus comportamentos e actitudes, así como EDUCAR en valores que faciliten o desenvolvemento persoal libre de estereotipos de xénero.

Actividades principais:

INVESTIGACIÓN INICIAL

O programa contempla a realización dun sinxelo cuestionario co que acadar información de interese acerca dos seus coñecementos previos e actitudes ante a violencia machista e a discriminacións por razón de xénero.

PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO

A principal actividade deste programa será a realización de obradoiros de sensibilización e prevención nas aulas en torno aos seguintes eixes temáticos: construción de identidades igualitarias; fortalecemento da intelixencia emocional e das habilidades sociais; aprendizaxes para a identificación e prevención da violencia de xénero; e a desmitificación do amor romántico.

Os contidos e as dinámicas das sesións abordaranse dende unha proposta aberta, adaptable á diversidade de actitudes e intereses do alumnado, fomentando unha aprendizaxe cooperativa e participativa, e empregando as TICS como principal ferramenta de aprendizaxe.

A realización dos obradoiros está programada para o 27 de outubro, 7 de febreiro e 6 de abril.

CONCURSOS

INSTAGRAM SEN MACHISMO – Concurso en conmemoración do 25 de novembro, Día da Loita contra a Violencia de Xénero

Este concurso trasladará a unha das redes sociais máis populares entre a poboación adolescente, Instagram, as conversas sobre violencias machistas dinamizadas nas aulas. Para isto, dende o perfil do programa en Instagram publicaranse con frecuencia imaxes e frases relacionadas cos temas abordados, convidando á mocidade á facer achegas e solicitando respostas á preguntas do estilo de: Que lle dirías a un/unha amig@ que estivera a contarche algo parecido?.

As súas achegas recompilaranse nun arquivo de frases seleccionadas das que se premiarán aquelas que destaquen pola súa comprensión das violencias machistas, o seu carácter asertivo e a creatividade e orixinalidade na escrita.

SUPRIME O CONTROL – Concurso de microrrelatos en conmemoración do 8 de marzo, Día da Muller.

Organizarase e dinamizarase nos centros participantes un segundo concurso no que, sobre un formato de elaboración de microrrelatos, abordaranse ás preocupacións e puntos de vista da mocidade sobre as violencias machistas.

Premiarase a reflexión crítica e as rupturas cos mitos e as falsas ideas que rodean ao amor romántico na mocidade, así como o cuestionamento doutros comportamentos de control como os celos, chantaxes, etc., percibidos en moitas ocasións como signos de afecto e non como violencia de xénero.

ASESORÍA WHATSAPP

Dado o importante papel das TICS como ferramentas de relación entre a mocidade, este programa poñerá a disposición do alumnado participante e das súas familias un número de teléfono asociado a unha conta de WhatsApp para empregar como asesoría online.

O seu obxectivo é ofrecer un punto de asesoramento estable durante o programa, resolvendo dúbidas sobre a relación entre o emprego axeitado das TICS e as violencias

machistas, e reforzando tamén a accesibilidade a contidos educativos de calidade a través de dispositivos móbiles.

ENCUNTROS CON FAMILIAS

Co obxectivo de fomentar a implicación das familias no traballo de sensibilización e prevención da violencia de xénero entre a mocidade, organizaráanse en cada un dos concellos participantes encontros con formato de mesas redondas nos que presentará o programa educativo, os seus obxectivos e metodoloxía, achegando tamén as primeiras impresións do equipo técnico así como os resultados da investigación inicial.

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE VEDRA

PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL PARA A ETAPA DA E.S.O.

1. LIMIAR

O programa de Orientación académica e profesional (de aquí en adiante POAP) ten que considerarse como un eido máis da actividade orientadora que todo alumno precisa no seu proceso de ensino-aprendizaxe. O seu obxectivo último irá na liña da auto-orientación, pero o proceso previo será o de facer máis doada a toma de decisións relativa ó percorrido académico e profesional dos alumnos/as.

Este programa vai ser elaborado polo Departamento de Orientación en estreita colaboración cos titores/as do ciclo, partindo dos presupostos recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, e tendo en conta tódalas suxestións que introduza o equipo de profesores/as e que o Departamento de Orientación considere axeitadas.

O POAP do centro, do mesmo xeito cós outros programas que constitúen o Plano de Orientación do Centro, deberá ser incorporado ó Proxecto Curricular de Centro.

Xa para rematar, simplemente ter en conta que este POAP vai ser confeccionado tendo en conta a lexislación vixente, que en moitas das actividades (especialmente as deseñadas para o coñecemento do mundo escolar e laboral) vaise constituír en alicerce e punto de partida das mesmas (optatividade na ESO, modalidades de Bacharelato, Ciclos Formativos, PCPIs, etc.).

2. XUSTIFICACIÓN DO POAP

A xustificación deste POAP parte de dous feitos contrastados:

- ♦ Por unha banda, a necesidade de formación no campo da Orientación a través do seu departamento e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ♦ Por outro lado, a urxencia da confección deste documento, como base para o traballo, e coa conseguinte necesidade de proporcionar ós alumnos/as que rematan a ESO unha formación neste eido, para dotalos de habilidades de autoconñecemento e de toma de decisións.

En consecuencia, o deseño é dun programa de intervención para os alumnos/as que están en 4º, sen perxuízo de contemplar outra intervención máis dilatada para os alumnos/as de 3º sobre itinerarios vocacionais centrado na escolla de ensinanzas académicas ou aplicadas e de troncais e optativas para o vindeiro curso. Asemade, nas actividades propostas no plan de acción tutorial da etapa figuran actividades de autoconñecemento e de toma de decisións, que servirán como base das actuacións máis especializadas deste plan.

Terase en conta, ademais, as novidades que contempla a LOMCE ao longo de toda a etapa. Realizaranse sesións de información nos cursos de 6º de Primaria e especialmente nos grupos de 2º e 3º ESO, así como as pertinentes xuntanzas coas familias neste mesmo sentido.

3. ELEMENTOS DO POAP

A Orientación Académica e Profesional compre ser realizada por medio dun proceso de toma de decisións que require dous principios básicos:

- ♦ O coñecemento de si mesmo.
- ♦ A información necesaria que faga posible a formación dun criterio persoal autónomo.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- ♦ Impulsar e desenvolve-la auto-orientación dos alumnos/as.
- ♦ Mediar nos procesos de toma de decisións.
- ♦ Potencia-lo desenvolvemento da madurez vocacional.
- ♦ Coordinar cos titores/as a acción titorial naqueles aspectos necesarios para a formación do autoconcepto e a autoestima, presentes no P.A.T. e aqueloutros relativos á madurez vocacional, presentes neste POAP.

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

As metas concretas deste programa van ser agrupadas segundo os destinatarios ós que van dirixidas:

Alumnos

- ♦ Dar a coñece-las funcións e actividades do Departamento de Orientación.
- ♦ Presentación do POAP, en que consiste e para que serve.
- ♦ Favorece-lo coñecemento das propias aptitudes e intereses.
- ♦ Favorece-lo coñecemento dos distintos itinerarios educativos.
- ♦ Asesorar na toma de decisións.
- ♦ Facilitar información precisa sobre o mundo do traballo.
- ♦ Formar nas distintas estratexias de pescuda de emprego.
- ♦ Asesoramento sobre os Programas de Garantía Social.

Pais/Nais

- ♦ Dar a coñece-las funcións do Departamento de Orientación.
- ♦ Facilita-lo axuste entre as expectativas que teñen respecto ós seus fillos e os intereses destes.
- ♦ Busca-la colaboración dos pais co Departamento de Orientación e cos titores/as en todo o que supoña facilita-lo proceso de toma de decisións responsables por parte dos seus fillos.
- ♦ Informalos sobre os distintos percorridos educativos e as opcións profesionais.

- ♦ Manter cos pais e nais cantas entrevistas e reunións como se consideren necesarias.

Titores e Profesores

- ♦ Mantelos informados sobre as actividades do Departamento de Orientación.
- ♦ Informalos sobre o POAP.
- ♦ Asesorar e coordina-los titores/as no desempeño da acción orientadora.
- ♦ Facilitárlle-los materiais e contrasta-los mesmos co equipo de titores/as.
- ♦ Coordinar cos membros do Departamento e cos titores/as aqueles aspectos concretos deste POAP que así o requiran.

3.3. METODOLOXÍA

O orientador actuará en todo momento como facilitador e asesor da acción orientadora. Será o Departamento de Orientación o encargado da elaboración do presente documento, coordinando e supervisando a súa posta en práctica, de acordo coas estratexias seguintes:

- ♦ Coordinación, temporalización e estruturación das actividades a desenvolver cos titores/as.
- ♦ Asesoramento do equipo titorial e, se procede, docente.

O Orientador actuará cos alumnos/as en dous niveis ben diferenciados:

- ♦ Actividades cos grupos de alumnos/as nos aspectos xerais do POAP (*modelo de programas*).
- ♦ Actuacións con alumnos/as considerados de xeito individual, partindo das súas aptitudes, motivacións e intereses, facilitando e orientando a súa propia toma de decisións responsable (*modelo de servicios*).

Os titores/as desenvolverán parte das sesións ou actividades deste programa, e colaborarán co orientador informándoo sobre a realidade dos seus respectivos grupos, así como sobre os casos puntuais que consideren que necesitan asesoramento individualizado por parte do orientador. Para a realización destas actividades, o contacto entre departamento de Orientación, titores/as e equipo docente, será continuo.

O traballo que mediante este POAP se pretende que desenvolvan os alumnos/as é o de conseguir unha toma de decisións responsable no referente á escolla de futuras opcións académicas e/ou profesionais, ó longo dun proceso de toma de conciencia das propias capacidades e intereses, ó mesmo tempo que se lles ofrece información sobre as opcións existentes.

Para iso, o método de traballo que se propón é o de realización de actividades relativas a estes temas, tratando de supera-la simple exposición informativa para chegar a que sexa o propio alumno o que desenvolva os obxectivos deste POAP, na construción activa do seu proxecto persoal de estudos ou cara a desenvolver unha profesión.

3.4. RECURSOS

Neste apartado faremos mención a tódolos medios mesmo materiais como humanos que cumpren para a implantación deste programa.

3.4.1. HUMANOS

O orientador será o responsable da confección deste programa, que presentará diante da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Para o desenvolvemento do mesmo, o psicopedagogo traballará en estreita colaboración con:

- ♦ O equipo directivo.
- ♦ A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ♦ A Comisión de Actividades Complementarias i Extraescolares.
- ♦ A Comisión de Normalización Lingüística.
- ♦ Os restantes membros do Departamento de Orientación.
- ♦ A responsable do Concello en temas de desenvolvemento e formación.
- ♦ Expertos e/ou traballadores da comarca.

3.4.2. MATERIAIS

Os recursos materiais estarán formados por:

- ♦ Información impresa sobre o sistema educativo.
- ♦ Información impresa sobre os distintos percorridos educativos.
- ♦ Información sobre o mundo laboral.
- ♦ Información sobre técnicas de pesca de emprego (curriculum, entrevista, etc.)
- ♦ Materiais de avaliación de necesidades (enquisa CEIP e outras probas sobre capacidades e intereses vocacionais e profesionais pendentes de adquisición).
- ♦ Materiais informativos e prácticos sobre o proceso de toma de decisións.

3.5. **ACTIVIDADES**

As actividades planificadas neste programa son consecuencia dos obxectivos específicos fixados, e serán clasificadas seguindo o criterio dos destinatarios das mesmas. A distribución das actividades farase por trimestres.

Independentemente do anterior, tódalas actividades deberán seguir, na medida do posible, os seguintes pasos:

- ♦ Descrición breve da actividade.
- ♦ Relación dos obxectivos que se pretenden conseguir coa mesma.
- ♦ Desenvolvemento secuenciado da actividade.

ACTIVIDADES PARA OS ALUMNOS

Primeiro trimestre

- Actividades centradas no autoconhecimento do alumno, dirixidas a obter información sobre capacidades, habilidades e destrezas, por unha banda, e sobre motivacións, intereses e personalidade, por outra. **8 e 10 de Novembro. Sesións de autoconhecimento e introdución ás características de estudos futuros en 4º da ESO.**

- Actividades de introdución ás diversas posibilidades vocacionais.

Segundo trimestre

Neste segundo trimestre, as actividades deste POAP centraranse no coñecemento das distintas opcións académicas e profesionais, cinguíndose especialmente a aquelas sobre as que o alumno ten que decidir.

Os tutores/as e o orientador proporcionarán informacións obxectivas, fiables e de xeito que sexan os propios alumnos/as os que traballen estes contidos, asegurando así, no posible, a interiorización dos mesmos. Estas informacións versarán sobre:

- Posibilidades de traballo.
- Estratexias de procura de emprego.
- Contratación e inserción laboral.
- Habilidades sociais no traballo.
- Información ampla sobre os Ciclos Formativos de FP.
- Ídem sobre as distintas modalidades de Bacharelato. Sesións impartidas polo orientador o 14,16,21 e 23 de febreiro
- Novidades curriculares da LOMCE e orientación sobre alternativas.

As actividades deseñadas para a divulgación desta información, serán:

- Análise e estudo de documentos.
- Busca de información.
- Elaboración de percorridos formativos para cada opción.
- Ídem para cada alumno concreto.
- Exposicións orais do orientador ou de expertos externos.
- Confección de perfís profesionais.
- Visitas a centros de traballo (coordenadas polo equipo directivo).

Terceiro trimestre

As actividades neste trimestre xirarán sobre o proceso de toma de decisións. Esta é unha das tarefas máis importantes e, ó mesmo tempo, máis difíciles de interiorizar por parte dos alumnos/as, polo que se lle dedicará bastante tempo. As actividades programadas son:

Explicación do modelo de toma de decisións. Este modelo basearase nos modelos de Krumboltz e no de Spivak de resolución de problemas. Exemplificacións e discusións de casos, desenvolvendo cada unha das fases do

procedemento de toma de decisións.

Asesoramento individualizado por parte do orientador ó alumno considerado individualmente e, na medida do posible, á familia. Este asesoramento será non interventor, de xeito que o orientador servirá de facilitador ou mediador do proceso decisional, rexeitando calquera implicación no mesmo.

Sesións impartidas polo orientador os días 9 e 16 de Maio.

3.5.1. ACTIVIDADES PARA OS PAIS E NAIS

- Xuntanzas para dar a coñece-lo POAP. Xuntanzas cos distintos niveis para explicar e colaborar a escolla de vías e optatividade.
- Xuntanzas informativas.
- Entrevistas individuais coas familias para intercambiar información respectiva ós intereses, aptitudes, e motivacións dos seus fillos.
- Exploración das expectativas que a familia ten sobre os seus fillos.

3.5.2. ACTIVIDADES COS TITORES

- Xuntanzas de coordinación sobre a implantación do POAP.
- Distribución do traballo e das actividades do mesmo.
- Sesións de avaliación a medio prazo (trimestrais, en principio) e a longo prazo (final de curso).

3.6. AVALIACIÓN DO POAP

Prevense para a avaliación deste programa dous intres ben definidos:

3.6.1. AVALIACIÓN CONTINUA

Levarase a cabo trimestralmente, cando menos, e consistirá en:

- Valoración do programa por parte dos titores/as, dos profesores/as implicados, do Departamento de Orientación e do Equipo Directivo.
- Valoración por parte dos alumnos/as.

3.6.2. AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final ten que ser unha contrastación do grao de consecución dos obxectivos propostos, co fin de orientar a posterior toma de decisións respectiva ó mantemento, modificación ou eliminación dos elementos do programa. Esta avaliación fará referencia a:

- Tipo e cantidade de actividades desenvolvidas.
- Calidade dos procesos de interacción e das sesións.
- Grao de aceptación do programa por parte dos sectores ós que vai dirixido.
- Adecuación dos materiais empregados.
- Adecuación da temporalización.
- Adecuación das actividades consideradas.